



# DECLARACION EN **APOIO** AOS SERVIZOS DE **EMPREGO** E **DESENVOLVEMENTO** LOCAL DE GALICIA

O desenvolvemento local configúrouse nos últimos anos como un dos principais activos no ámbito das políticas de promoción económica, desenvolvemento empresarial e creación de emprego. As entidades locais, aínda non tendo competencias legais nin o apoio necesario, teñen asumido un protagonismo cada vez maior (custos, persoal, programas ...). O desenvolvemento endógeno a partir das potencialidades locais é hoxe, sen dúbida, un factor central para reactivar o desenvolvemento socioeconómico. Os Axentes de Emprego e Desenvolvemento local son os principais profesionais que o teñen feito posible.

“As políticas de desenvolvemento local comezan a aplicarse en Europa, ante a crise dos anos 70, cando se pon de manifesto os límites das políticas económicas de base esóxena, centralizada e sectorial. O desenvolvemento local foi e é hoxe útil e imprescindible para facer fronte á actual crise”

Na actualidade o potencial “do local” fronte aos desafíos da globalización se recoñécese como ferramenta imprescindible para resolver as contradicións e desigualdade que xera o fenómeno da globalización do século XXI.

Na actualidade o potencial “do local” fronte aos desafíos da globalización se recoñécese como ferramenta imprescindible para resolver as contradicións e desigualdade que xera o fenómeno da globalización do século XXI.

Os entes locais e territoriais, cunha maior vinculación ao territorio e achegamento á cidadanía e ás empresas, xogan un importante papel de dinamización, xeración de confianza, cun esforzo mutuo para axudar a saír da crise.

Os Concellos son os que poden reaccionar primeiro contra o crecente desemprego para posteriormente implementar estratexias dirixidas a establecer novos modelos de desenvolvemento económico territorial.

En Galicia, implántase o programa de axentes de desenvolvemento local a finais dos anos oitenta e (aínda que non se ten apostado de xeito decidido e estratéxico por este modelo) son moitos os resultados obtidos en relación coa actividade económica, a creación de emprego e a mellora competitiva dos territorios.

A virtude da acción local foi defendida e impulsada dende organismo internacionais como a OCDE, a Unión Europea e incluso a OIT.

A lei de Emprego, sinala no seu artigo 4, que *“As políticas de emprego, no seu deseño e modelo de xestión, deberán ter en conta a súa dimensión local para axustalas ás necesidades dos territorios, de maneira que favorezan e apoiem as iniciativas de xeración de emprego no ámbito local”*. Neste senso, empézase a poñer en valor o papel desempregado polos profesionais do desenvolvemento local, cuxa importancia ten sido amplamente recoñecida polas diferentes administracións públicas, universidades e axentes económicos e sociais.

A dimensión local das políticas activas de emprego, e a necesaria coordinación que debería existir entre as administracións públicas de diferentes niveis para a súa xestión, tamén queda subliñada na lei de emprego. No entanto, esta referencia segue sen ter reflexo nunha definición de competencias que enmarque a dimensión territorial destas políticas.

A orde TAS/360/2008 do Ministerio de Traballo recoñece a importancia dos profesionais do desenvolvemento local: “Os axentes de emprego e desenvolvemento local configúranse como un elemento clave na dinamización das políticas activas de emprego no contorno local, impulsando e xestionando actuacións que teñen por obxecto a creación de emprego e a actividade empresarial. Os anos de implantación deste programa ten posto de manifesto por unha banda a necesidade que as corporacións locais teñen de contar coa figura do axente de emprego e

desenvolvemento local e, por outra, a oportunidade de aproveitar ao máximo a experiencia destes técnicos que teñen sido obxecto de subvencións nas súas contratacións”

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia na orde 29 xullo de 2011 de convocatoria da axudas para contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, tamén reconece o papel dos AEDL na dinamización e xeración de novas actividades no ámbito local e rural, e que “A constitución dun contorno local propicio á creación de emprego require do desenvolvemento dun conxunto de funcións esenciais como son a animación, o estímulo e a innovación. Para que estas funcións se poñan en práctica é fundamental a presenza de axentes de emprego e desenvolvemento local, coa formación e experiencia adecuada que lles permita utilizar unha metodoloxía común e que poidan desempeñar diversas tarefas como promotores de actividade, prospectores de mercado e asesores puntuais de proxecto de empresas”

Os servizos de desenvolvemento local demostran que son unha ferramenta idónea para mellorar a calidade de vida e promover contornos competitivos nos ámbitos locais e rurais, onde son especialmente necesarios.

Na constitución dun ámbito local e rural propicio para a creación de emprego de calidade requirese de funcións esenciais que están a realizar os servizos e profesionais de desenvolvemento local, entre elas: animación, estímulo, innovación, promoción de actividades, prospección de mercados locais, asesoría de empresas e emprendedores/as

Un dos aspectos máis salientables do papel dos técnicos de desenvolvemento local é a concreción, no nivel local, das políticas activas de emprego aínda que a súas funcións van máis aló e participan en case que tódolos programas e proxectos locais, comarcais, autonómicos, estatais e europeos relacionados co emprego, a formación

Estes servizos son enlaces cos recursos dispoñibles tanto das administracións (europea, nacional, autonómica, provincial, interlocal) como das entidades (universidades, centros de ensino, asociacións, federacións, sindicatos...) co tecido empresarial e social e incluso con expertos en aspectos concretos relacionados co territorio (historiadores, artistas, investigadores, políticos...) ademais de ser coñecedores dos recursos e posibilidades de colaboración e cooperación dos servizos e recursos da propia administración local.

Esta posición estratéxica do colectivo de axentes de emprego e desenvolvemento local fanos peza clave para facilitar a colaboración e cooperación entre servizos do territorio, que xa de forma individualizada veñen realizando nos propios servizos municipais para desenvolver actuacións concretas.

## Conclusiones

En definitiva, esta declaración de apoio aos profesionais e servizos de emprego e desenvolvemento quere poñer de manifesto as seguintes conclusións que teñen sido apoiadas polos Concellos e entidades de toda Galicia coas sinaturas que presentamos con este documento.

Que os Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local representan un elemento fundamental no estímulo das políticas activas de emprego no ámbito local, impulsando e xestionando actuacións que teñen por obxecto a creación de emprego e a actividade empresarial. Os anos de implantación deste programa puxeron de manifesto por una banda a necesidade que as corporacións locais teñen de contar coa figura do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) e por outra a oportunidade de aproveitar ao máximo a experiencia dos técnicos e técnicas cuxas contratacións foron obxecto de subvención.

Actualmente en Galicia existen máis de 300 profesionais do desenvolvemento local que están contribuíndo directamente á creación dun gran número de empresas e á inserción laboral de moitos traballadores e traballadoras, polo que, sen dúbida, as axencias de emprego e desenvolvemento local poden ser consideradas a principal plataforma de apoio a emprendedores e emprendedoras na nosa comunidade autónoma.

Polo anteriormente exposto, apoiamos a consolidación do programa de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local e demandamos un financiamento adecuado, como necesaria condición para a implantación das demais políticas activas de emprego no ámbito local.

Fisterra 18 de xuño de 2012